

ASISTENTES:

**Alcalde:**

D. José Luis García López.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Torreiro González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D<sup>a</sup>. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D<sup>a</sup> María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D<sup>a</sup> Vanessa Quintela Pedreira.

D<sup>a</sup> Evangelina María Orois Conde.

D<sup>a</sup>. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

**Secretario:**

D. Juan Colmenares López Soldado.

**ACTA**

En Arzúa, a 25 de novembro de 2015.

Sendo as 20:10 horas reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

***Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2015.***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

***Punto 2º) FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS, CON MOTIVO DAS ELECCIONS AO CONGRESO DOS DEPUTADOS E AO SENADO, DO DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2015***

Polo secretario douse lectura do artigo 25 nº 1 e do artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, segundo a modificación realizada pola Lei Orgánica 2/2011 de 28 de xaneiro.

Acordandose –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- proceder á designación dos presidentes e vogais, titulares e suplentes, que integrarán cada unha das nove Mesas Electorais; tomando por base o censo electoral que foi facilitado polo Instituto Nacional de Estadística, utilizando para realizar o sorteo (refirido no nº 2 do artigo 26) o programa informático proporcionado pola Deputación Provincial, entre as persoas censadas na Sección correspondente, que fosen menores de setenta anos e que reúnan os requisitos necesarios para ser presidente ou vogal, segundo os casos:

Sendo o resultado do sorteo realizado o seguinte:

**Sección Primeira: Mesa A**

Titulares:

Presidente: Mónica Bujan Marquez

1º vogal: Mercedes Conde Amboage

2º vogal: Patricia González Rey

Suplentes:

De presidente: María García Pérez

De presidente: Marcos García Varela

De 1º vogal: María del Carmen Longarela Fernández

De 1º vogal: Georgina Gómez Vázquez

De 2º vogal: Jesus Manuel Fernández Furelos

De 2º vogal: Sara Mejuto Seoane.

**Sección Primeira: Mesa B**

Titulares:

Presidente: Cristina Quintela Prado

1º vogal: Julieta Belen Pampín Basso

2º vogal: Mónica Tato Sánchez

Suplentes:

De presidente: Vanesa Rodríguez Fuentes.

De presidente: Leticia Ramos Regueiro

De 1º vogal: Belen Santos Quinteiro

De 1º vogal: Juan Carlos Pampin Pampin

De 2º vogal: Manuel Pampin Nuñez

De 2º vogal: Diego Veiga Taboada

**Sección Segunda: Mesa A**

Titulares:

Presidente: Marta Balado Varela

1º vogal: M<sup>a</sup> Pilar Rodríguez Pampín

2º vogal: Estefania López Cacharron

Suplentes:

De presidente: José Manuel Seoane González

De presidente: Antonio Enjamio Blanco

De 1º vogal: María del Pilar Caselas Varela

De 1º vogal: Jessica Mendez Lema

De 2º vogal: José Ramos Ramos

De 2º vogal: Oscar Varela Lorenzo

**Sección Segunda: Mesa B**

Titulares:

Presidente: José David López Crego

1º vogal: Manuela Souto Vázquez

2º vogal: Ana María Grela del Río

Suplentes:

De presidente: Laura Mosquera López

De presidente: María Begoña Vieites Castro

De 1º vogal: Iria Carreira Pazos

De 1º vogal: Lucía Suárez Fernández

De 2º vogal: Maite Pérez Crego

De 2º vogal: Rafael Pardo García

**Sección Tercera: Mesa Única**

Titulares:

Presidente: Sara Conde Rúa

1º vogal: Arancha Castro Iglesias

2º vogal: Gael Vilela Souto

Suplentes:

De presidente: Martín Lalin Vilar

De presidente: Daniel Ramos Agra

De 1º vogal: Marta López Bolaño

De 1º vogal: Manuel García Vázquez

De 2º vogal: Sandra Penas Rivadulla

De 2º vogal: Oscar Sánchez Bermudez.

**Sección Cuarta: Mesa Única**

Titulares:

Presidente: Iria Remuiñan Piñeiro

1º vogal: Marta Vilela García

2º vogal: Abel Taboada Agra

Suplentes:

De presidente: Nerea López Ramos

De presidente: Roberto Nuñez Falcon

De 1º vogal: Tania Taboada Carril  
De 1º vogal: Lorenzo Fernández García  
De 2º vogal: Manuel Vaamonde Villar  
De 2º vogal: Noela Piñeiro Pereira

**Sección Quinta: Mesa Única**

**Titulares:**

Presidente: Yolanda Vázquez Mera  
1º vogal: Alvaro Sanmartín Vázquez  
2º vogal: Javier Yañez Vázquez

**Suplentes:**

De presidente: Ruben Bermejo Varela  
De presidente: Daniel Pérez Conde  
De 1º vogal: Alejandro Vidal Rodríguez  
De 1º vogal: Silvia Duro Iglesias  
De 2º vogal: Adrian Camba Souto  
De 2º vogal: Sonia Tato Mosquera

**Sección Séptima: Mesa A**

**Titulares:**

Presidente: José Ramón Fuentes Esperon  
1º vogal: Belen Leon Santos  
2º vogal: Cristina Gontan Lodeiro

**Suplentes:**

De presidente: Marta María López Pimentel  
De presidente: Cristina Balado Bello  
De 1º vogal: Ana Celester García  
De 1º vogal: Ivan Fiaño Martínez  
De 2º vogal: María Andrea Costoya Rabasco  
De 2º vogal: María Angeles Jimenez Casanova

**Sección Séptima: Mesa B**

**Titulares:**

Presidente: Estela Quintas Fernández  
1º vogal: Jesús Miguel Sesar Graña  
2º vogal: Manuel Villasenín Pérez

**Suplentes:**

De presidente: Cristina Portos Regueiro  
De presidente: María Teresa Taboada Iglesias  
De 1º vogal: Erika Vázquez Vázquez  
De 1º vogal: María Villar Bascoy  
De 2º vogal: Isabel Meijide García

De 2º vogal: Adrian Pimentel Couceiro.

Realizado o sorteo para a designación dos presidentes e vogais que integrarán as nove Mesas Electorais, con motivo das Eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado, que se celebraran o vindeiro día 20 de decembro.

A Corporación Municipal –por unanimidade dos trece membros asistentes (7 de AxA, 4 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Ratificar o resultado do sorteo realizado.

**Segundo.**- Para o suposto de que algunha das persoas que resultaron designadas, en cada unha das referidas mesas electorais, non poidera ser notificada por calquera motivo, para cubrir esa baixa efectuarase un sorteo polo mesmo procedemento informático, entre aqueles electores censados na Sección electoral correspondente, que reúnan os requisitos esixidos no artigo 26 nº 2 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Delegando expresamente na Xunta de Goberno Local esta competencia, para que ese sorteo se realice nunha sesión pública; facendo uso así da previsión contida neste sentido na Sentencia do Tribunal Constitucional 161/2013 de 26 de setembro, como consecuencia da comunicación remitida a este Concello pola Xunta Electoral Provincial con motivo doutro proceso electoral anterior.

***Punto 3º) PARTICIPACIÓN DESTE CONCELLO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016, NOS TERMOS PREVISTOS NAS BASES REGULADORAS DE DITO PLAN.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 20 de novembro de 2015; no seguinte sentido:

*“Pola presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro, infórmase que a cantidade asignada do POS 2016 a este concello foi de 362.096,74 euros; da cal o 35% vaise destinar á financiación de gastos correntes e o 65% restante á realización de obras; proponendo o grupo político de Alternativa por Arzúa, a realización das seguintes:*

- 1. “Camiño de Branzá-Follenza-Remesil”, por un orzamento total de 79.621,57 euros (65.802,95 euros+13.818,62 euros de IVE ao 21%).*
- 2. “Pavimentación en Salmonte”, por un orzamento total de 44.579,49 euros (36.842,55 euros+ 7.736,94 euros de IVE ao 21%).*
- 3. “Camiño de Villantime-Vilasuso”, por un orzamento total de 48.715,70 euros (40.260,91 euros+8.454,79 euros de IVE ao 21%).*

4. “Sinalización vertical nas parroquias de Burres e Pantiñobre”, por un orzamento total de 62.446,77 euros (51.608,90 euros+10.837,87 euros de IVE ao 21%).

E como a Deputación Provincial tamén aproba un Plan Complementario para aplicar os remanentes que se poidan orixinar, proponse incluír a obra nomeada “Camiño de Vilasuso Castañeda”, por un orzamento total de 30.172,18 euros (24.935,69 euros, máis 5.236,49 euros en concepto de IVE ao 21%), para o suposto de que se produzan baixas na contratación das anteriores obras.

Deseguido abriuse unha rolda de intervencións; emitíndose as seguintes opinións:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT), para expresar que -aínda que descoñecía as obras que se ían incluír neste plan-, non as quere condicionar, porque non ten un servizo técnico que valore os proxectos; polo tanto vai votar a favor.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP), para expresar que tamén vai votar a favor; e quere pedir que -canto se teña algún fondo económico- se realice unha reparación no lugar de Calzada da parroquia de Burres, porque alí hai unha lameira tremenda; e é o único tramo do Camiño de Santiago onde hai que andar con botas; ademais, ao ser unha calzada romana, habería que poñerlle un pavimento como Dios manda. Tamén habería que mirar por unha pista que hai entre as casas, que ten unha herba moi alta, a cal está sen asfaltar, e é inviable andar por ela.

Tendo en conta que os proxectos técnicos elaborados, en relación con cada unha das obras indicadas, se atopaban a disposición dos concelleiros na mesa do Salón de Sesións, a presidenta someteu a votación ordinaria a inclusión das catro obras indicadas, no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal, así como a inclusión da obra proposta no Plan Complementario do anterior.

Adoptándose -por unanimidade dos oito membros asistentes (4 de AxA, 2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a participación no POS 2016, para a realización das catro obras que quedaron detalladas, así como a inclusión no Plan Complementario da quinta obra que quedou indicada.”

---

Deseguido abriuse unha rolda de debate; emitíndose as seguintes opinións:

\* Polo Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que a súa posición quedou clara na sesión da Comisión informativa, e vaina a manter.

- Que quere preguntar ao grupo de goberno ¿por que non houbo ningún contacto cos grupos da oposición para elaborar as propostas de obras?

- Que non cre que esa sexa a mellor forma de fomentar a participación dos veciños, porque nos somos representantes dos mesmos.

- Que, en canto ao reparto dos fondos do POS, querendo adicar o 35% a gastos correntes, pregunta ¿A que se vai adicar ese diñeiro en gastos correntes?, supón que a gastos comúns, e despois fálase de que hai unha economía moi saneada; é máis fácil que así sexa, adicando a gastos correntes un plan que vén destinado a obras.

- Que, en canto ás obras, xa dixo que ía a votar a favor; se trata unicamente de vías e da sinalización en dúas parroquias, cando Arzúa ten vintedúas parroquias; e entende que a sinalización é necesaria, porque é unha deficiencia que existe, pero considera que habería que facer un plan que incluíse todo o concello.

- Que, respecto ás demais obras que son arranxos de vías, nota unha deficiencia grande, e pide que se inicien plans para estender a rede de abastecemento de auga potable, porque non ve ningún proxecto para a ampliación da rede de abastecemento, o cal encaixaría perfectamente neste plan.

- Que noutras épocas fixéronse ampliacións da acometida de auga as parroquias como Lema, Pantiñobre e Brandeso, pero cre que agora está moi parado o tema.

- Que, con respecto á recollida de augas residuais, existen algunhas parroquias que teñen este servizo, como é o caso dunha parte da parroquia de Santa María, parte da parroquia de Boente e parte da parroquia de Lema, pero as demais parroquias e núcleos de poboación carecen deste servizo; e cre que é hora de empezar cun plan de recollida de augas residuais nas parroquias.

- Que por outro lado ve a deficiencia de que non hai ningún proxecto para dotar dun local social ás parroquias que carecen del, porén noutro tempo levouse a cabo a mellora e construción dalgúns locais, e resulta que agora non se inclúe ningún, cando as parroquias de Tronceda, Figueiroa e Lema non dispoñen de ningún local para actividades sociais.

- Que considera que todas as obras son necesarias, pero os criterios de prioridade establécenos o equipo de goberno, que representa a menos da metade dos votantes de Arzúa, polo que espera que proximamente se conte tamén cos representantes de máis da metade dos votantes.

- Por último pide que se vixile a calidade das obras, poñendo o exemplo do asfaltado que se fixo antes das Eleccións Locais na rúa da Calexa, porque aquilo parece unha montaña rusa de baixa calidade.

\* Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que vai votar a favor das obras propostas, porque cre que todas son necesarias, observando que este ano a Deputación Provincial subiu a cantidade asignada a este concello no POS.

- Que hai moitas obras por facer, que terán que quedar pendentes para outros plans de obras.

\* Polo Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar:

- Que as obras propostas son necesarias, e non lle cabe dúbida de que -segundo vaia vindo diñeiro- faranse outras obras que tamén son necesarias.

- Que no noso programa político reflectimos as necesidades que ten Arzúa, e non imos a enumerar agora todo o que fai falla; considera que hai que deixar as mans abertas ao grupo de goberno, para que vaia administrando os cartos que vaian vindo, e despois haberá que facer unha valoración do que quedou pendente.

\* Polo Sr. alcalde para expresar o seguinte, en relación coas exposicións anteriores:

- Que as deficiencias tamén as ve el, pero os cartos asignados son os que son, e non chegan para todas as deficiencias que cada un de nos vemos.

- Que desde o principio do noso mandato, no ano 2011, o que se fixo -á hora de ter que incluír obras nos plans de obras- foi ter en conta as peticións que realizaran os veciños, tanto os que viñeron á Alcaldía como cando percorrímos nos as parroquias para saber as inquietudes que tiñan en cada unha delas, e tamén se pediu a opinión aos técnicos, para que indicasen cales lles parecían mais urxentes; e a partir de ahí decidiuse que obras habería que facer; e seguimos na mesma liña.

- Que non hai ningunha obra, das propostas para a súa inclusión neste plan, que non sexa necesaria.

- Que, en canto ao tanto por cento que se reserva para gastos correntes, foise rebaixando, porque no ano 2012 tivemos que reservar mais, porque tivemos que pagar unha cantidade moi elevada de facturas que estaban atrasadas, porque obríganos a lei a facelo; e tamén houbo que pagar o préstamo de 800.000 euros, por certo cun interese bastante elevado, que pedira a Corporación anterior para arranxar locais sociais e para a compra de marquesinas.

- Que os concellos da provincia cos que ten contacto, e tamén a maioría dos concellos da provincia, reservan un tanto por cento elevado do POS para gastos correntes, porque -se ao final do último trimestre do ano sobra diñeiro- pódese investir en realizar outras obras.

- Que, en canto á sinalización, quere dicir que o Sr. García Couso ten uns datos erróneos, porque estamos a punto de adxudicar un contrato de sinalización que vai a levar a sinalización a varias parroquias, como San Martiño, Oins, Dodro, Viños, Maroxo, Tronceda, Figueiroa, Campo e Branzá e agora, a través do POS, se incorporaron outras dúas e, conforme, se vai podendo, farase o resto, porque esperamos facer toda a sinalización na presente lexislatura.

- Que, respecto ao saneamento da auga, acabase de facer na parroquia de Dombodan, e vaise facer o de Branzá e acabar o de Dombodan, pero teñense que facer uns estudos para ver a presión da auga, e é necesario mirar unha finca para facer un depósito intermedio para que haxa suficiente presión, pero agora estas dúas parroquias están inmersas na concentración parcelaria, pese a o cal andamos mirando.

- Que o saneamento en Boente, puxémolo nós a funcionar, nin antes o Partido Popular nin cando gobernaba o Sr. García Couso, porque nun caso non funcionaba e no outro funciona mal; e houbo que cambiar a depuradora de sitio e facer unha nova, porque a que había non funcionaba ben, e agora funciona ben; e o mantemento desa depuradora levo a mesma empresa que realiza o mantemento da depuradora de Arzúa.

- Que, en canto á calidade das obras, quere dicir que as inspecciona o mesmo técnico que leva inspeccionando as obras do concello desde hai dez anos; e ata agora



non se lle poñían pegas; e todos os que estamos aquí sabemos o meticoloso que é no seu traballo.

- Que, en canto a que non chame aos grupos políticos para que propuxeran obras, quere dicir que agora mesmo o Sr. García Couso disfrutou dunha rolda de palabra porque así o quixemos, porque o grupo mixto tiña que nombrar un voceiro e non o fixo, e ademais superou con creces o límite do tempo previsto para as intervencións dos voceiros dos grupos políticos, e ninguén lle dixo nada; o Sr. García Couso ten abertas as portas de todos os departamentos do concello, pero despois da paciencia que tivo que ter con el, e con algún outro concelleiro máis na anterior lexislatura, non vai ir pedirlle nada, pero pode vir aquí para propoñer os seus proxectos de obras e se estudiaran sen ningún problema, e se se ven factibles levaranse a cabo.

Concedida outra rolda de intervencións, fixo uso da palabra o Sr. García Couso, para manifestar:

- Que descoñecía que houbera ese proxecto de sinalización de dúas parroquias, e alédase de que así sexa e que se queira completar en todo o concello.

- Que respecto ao demais, quere dicirlle ao Sr. alcalde que non teña reparo en cortarlle cando queira, el vaino aceptar.

Tras manifestar tanto a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), como o Sr. García Rodríguez (do PP), que non tiñan nada que engadir.

O Sr. alcalde someteu a votación ordinaria os oito puntos que contén o modelo de acordo, que figura como Anexo I na Circular sobre o POS 2016, que remitiu a este Concello a Deputación Provincial.

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016; de acordo co financiamento que se indica:

#### **A) Realización de obras e subministracións:**

<b>Denominación da obra</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Presuposto total</b>
1.- Camiño de Branzá-Follenza-Remesil	79.621,57	0	79.621,57
2.- Pavimentación en Salmonte	44.579,49	0	44.579,49
3.- Camiño de Villantime-Vilasuso	48.715,70	0	48.715,70
4.- Sinalización vertical nas parroquias de Burres e Pantiñobre	62.446,77	0	62.446,77
<b>SUBTOTAL OBRAS/SUBMINISTRACIONES</b>	<b>235.363,53</b>	<b>0</b>	<b>235.363,53</b>

Aprobar os proxectos técnicos das tres primeiras obras, así como o proxecto técnico do subministro e obra que figura en cuarto lugar, incluídos na anualidade 2016, que quedaron relacionados na anterior tabla, cuxos proxectos técnicos foron elaborados nos catro casos polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data novembro de 2015; prevíndose nos catro proxectos técnicos que se considera necesario e suficiente un prazo de execución de seis meses; e aprobar tamén o prego de prescricións técnicas do subministro e obra consistente na sinalización vertical das parroquias de Burres e Pantiñobre.

**B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:**

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	126.734,21
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>126.734,21</b>

**C) Resumo:**

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
<b>SUBTOTAL OBRAS/SUBMINISTRACIÓNS</b>	235.363,53	0	235.363,53
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	126.734,21	0	126.734,21
<b>T O T A L</b>	<b>362.097,74</b>	<b>0</b>	<b>362.097,74</b>

**Segundo.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2016, no que se inclúe a obra que a continuación se indica, e aprobar o correspondente proxecto técnico, que foi elaborado tamén polo enxeñeiro de camiños D. Julio Rojo Martínez, con data novembro de 2015; prevíndose en dito proxecto técnico que se considera necesario e suficiente un prazo de execución de seis meses para a correcta terminación das obras.

Denominación da obra	Orzamento
Camiño Vilasuso-Castañeda	30.172,18
<b>T O T A L</b>	<b>30.172,18</b>

**Terceiro.-** Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Cuarto.-** Comprometerse o Concello a incluír, no orzamento municipal do ano 2016, os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016, se a houbera.

**Quinto.-** Solicitar da Deputación Provincial de A Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

**Sexto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención, doutras administracións públicas, para o financiamento dos investimentos incluídos no POS 2016 nin no Plan Complementario.

**Sétimo.-** Autorizar á Deputación Provincial a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Oitavo.-** Facultar expresamente ao alcalde para que adopte as resolucións que considere procedente, en relación coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

***Punto 4º PARTICIPACIÓN DESTE CONCELLO NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015, NOS TERMOS PREVISTOS NAS BASES REGULADORAS DE DITO PLAN.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 20 de novembro de 2015; no seguinte sentido:

*“Pola presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro, informase que a cantidade asignada do Plan de Acción Social 2015 a este concello foi de 493.769,65 euros; e o grupo de Alternativa por Arzúa propón destinar integramente esa cantidade ao saneamento e acondicionamento da rúa Cima do Lugar, xa que forma parte do Camiño de Santiago, e presenta problemas polos malos olores.*

*E como obras que poderían ser incluídas no Plan Complementario que tamén aproba a Deputación Provincial, xunto co Plan de Acción Social, proponse incluír as seguintes dúas obras.*

- 1. Camiño estrada de Lema a Magulán e outro”, por un orzamento total de 38.758,70 euros (32.031,98 euros+6.726,72 euros de IVE ao 21%), e*
- 2. “Camiño da Mota a Igrexa”, por un orzamento total de 55.184,51 euros (45.607 euros +9.577,48 euros de IVE ao 21%).*

*Deseguido abriuse unha rolda de intervencións; emitíndose as seguintes opinións:*

- \* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT), para expresar:*
  - Que lle resulta curioso que haxa outro Plan co mesmo fin que o anterior, pero iso non quede dicir que a obra indicada non sexa igualmente necesaria.*
  - Que non tivo oportunidade de facer ningunha proposta de obras, porque non se convocou para iso unha reunión de voceiros ou outro tipo de xunta, nin se lle pediu opinión sobre que obras se poderían incluír neste plan; pero como as obras son necesarias vai votar a favor.*

*\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para preguntar se esa rúa vai quedar peatonal.*

*Contestando a Sra. Varela Duro que non o sabe, habería que ver a forma en que foi enfocada a obra no proxecto técnico.*

*\* Do Sr. García Rodríguez (do PP), para pedir que, cando se acondicione esa rúa, se deixen acometidas por se hai que facer outras cousas, como pasar tuberías de fibra óptica ou acometidas de gas de cara ao futuro, para non ter que estar sempre abrindo o pavimento, como sucede coa rúa de Lugo, en que non se tivo iso en conta.*

*Contesta a Sra. Varela Duro que quere pensar que os técnicos xa tiveron en conta esas previsións, e que non cre que vai a pasar o da rúa de Lugo; farase esta obra con calma e non pensando nas eleccións.*

*Tendo en conta que os proxectos técnicos elaborados, en relación con cada unha das obras indicadas, se atopaban a disposición dos concelleiros na mesa do Salón de Sesións, a presidenta someteu a votación ordinaria a inclusión da obra indicada no Plan de Acción Social 2015, así como a inclusión das outras dúas obras propostas no Plan Complementario do anterior.*

*Adoptándose -por unanimidade dos oito membros asistentes (4 de AxA, 2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a participación no Plan de Acción Social 2015, para a realización das obras de humanización da rúa Cima do Lugar, así como a inclusión no Plan Complementario das outras dúas obras que quedaron indicadas.”*

---

Deseguido abriuse unha rolda de debate; emitíndose as seguintes opinións:

*\* Polo Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:*

*- Que lendo as bases do plan ten que facer unhas preguntas, e en base ás respostas decidirá o seu voto.*

*- Que non lle resulta apropiado o proxecto que se inclúe neste plan, e pregunta ¿en que punto dentro do apartado 2 nº 1 letra B) ten cabida esta obra?, porque alí aparecen os seguintes puntos: Rede de sumidoiros; abastecemento domiciliario de auga potable; recollida, eliminación e tratamento de residuos; alumeadado público; protección e mellora do medio natural; mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos; industria; enerxía; comercio; información e promoción turística; transporte de viaxeiros; infraestruturas do transporte; recursos hidráulicos; investigación científica, técnica e aplicada; sociedade da información e xestión do coñecemento.*

*- Que, segundo as bases do plan, o 60% do investimento debería ir destinado a algún deses puntos, e supón que se adecuará a algún, pero a el resúltalle difícil de encaixar.*

- Que máis adiante as bases falan tamén de investimentos de carácter social, por exemplo investimentos destinados a mellorar as condicións de vida da poboación preferentemente da infancia, da mocidade, das mulleres, das persoas maiores, das persoas con necesidades especiais e outros colectivos que necesiten especial apoio e protección.

- Que por outra parte, en tempo de crise, as necesidades de carácter social aparecen mais e o concello de Arzúa vai destinar a totalidade dun plan de acción social a unha obra; que si é necesaria, pero que debería de xestionarse por medio de convenios con outras administracións, por exemplo o 1% cultural do Ministerio de Fomento, coa Consellería de Cultura, co Xacobeo, etc., xa que esa rúa forma parte importante do Camiño de Santiago na vila de Arzúa, o cal demostra a incapacidade deste goberno na xestión destes programas.

- Que se queremos dedicar fondos a acción social, propón que se estudien plans de fomento de emprego, becas e axudas aos libros de texto, becas de transporte aos alumnos dos ciclos medios de moitas especialidades técnicas que non se imparten en Arzúa e se en localidades próximas, como Melide, Curtis ou Santiago, especialmente o que antes se chamaba Formación Profesional; tamén programas de estudos e intervención en dependencias e adiccións...

- Que quere lembrar que foi concelleiro na anterior lexislatura, durante un período limitado, e lembra que quen era voceira do equipo de goberno e concelleira de asuntos sociais utilizou unha frase moi pomposa “menos obras e máis asuntos sociais”, agora parece que cambiou o conto.

-Que, por todo o exposto, o seu voto vai cambiar con respecto ao que dixo na sesión da Comisión informativa, e vai ser un voto negativo.

\* Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que a rúa na que se vai investir o orzamento deste plan é unha das máis importantes de Arzúa, porque é o corazón do Camiño de Santiago no noso concello; polo tanto lle gustaría que as obras se fixeran con sentido e non se volveran a cometer os mesmos erros que se cometeron cando se realizou a travesía da estrada nacional 547, que se investiu moitísimo diñeiro, e quedou mais bonita pero non ten efectividade, sobre todo para a xente que vive en Arzúa.

-Que a rúa que se vai arranxar está moi deteriorada e ten falta, pero pide que se vixilen as obras, e lle gustaría ver os proxectos técnicos para comprobar como van indo as obras, e que os veciños de Arzúa opinen sobre ese proxecto.

\* Polo Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que cos temas dos asuntos sociais todos somos moi sensibles; e lle gustaría que o Sr. Alcalde dera unha pincelada dos proxectos que ten previsto realizar nesta lexislatura.

\* Polo Sr. Alcalde para expresar o seguinte, en relación coas exposicións anteriores:

- Que os 493.000 euros asignados a este concello vanse empregar nunha soa obra, e todos entendemos que para o equipo de goberno -desde o punto de vista político- é unha desfeita, porque é seguro que se lle sacaba máis rendemento a este

diñeiro facendo outro tipo de actuacións; e se o grupo de goberno decide empregar eses cartos no arranxo dunha soa rúa é por moitas razóns, entre elas:

1º) Polo estado desta rúa, porque no verán e a veces no inverno hai un olor insoportable e estase a gastar un motón de diñeiro sobre todo no verán, porque os sumidoiros desa rúa están feitos un desastre, o que supón que haxa que gastar moito diñeiro contratando a unha empresa que vén de fóra, para realizar un lavado das tuberías e desatascar, pero aguanta uns días, aínda que as veces ten aguantado unha semana; e iso supón moito diñeiro.

2º) Porque moitas das cousas que se contemplan nas bases do plan van incluídas: se vai cambiar a iluminación e a accesibilidade, porque hoxe en día tal como está esa rúa non se pode pasar cunha cadeira de rodas.

- Que, unha vez aprobado este plan pola Deputación Provincial, presentáronse protestas por diferentes concellos, o que motivou que recibíramos unha resolución do presidente, a través da cal se engadía unha aclaración do que significaba carácter social: *“O obxecto das bases era a realización de investimentos financeiramente sostibles, e que teñan a súa maior parte carácter social, no sentido de considerar que teñen carácter social, a pavimentación de camiños, coas actuacións no alumeadado público, cando se trate de camiños ou viais moi usados pola poboación por levar a centros culturais, deportivos, educacionais ou de saúde aos que acude frecuentemente a poboación. Cando o concello así o acredite no informe xustificativo de carácter social do investimento, de acordo co modelo de informe que figura no Anexo VI das Bases”*.

E dicir, ampliase o concepto de carácter social e a obra proposta encaixa perfectamente ahí.

- Que, en canto ao porqué non se xestiona esta obra a través dun convenio, quere dicir que as cousas cambiaron bastante, e hoxe en día é imposible asinar un convenio de 200.000 euros para arranxar un local social; de feito a propia Deputación acabou coas subvencións nominativas; nos imos a ter agora unha última subvención nominativa de 30.000 euros, pero a disposición do equipo de goberno da Deputación Provincial é acabar con ese tipo de subvencións, ou polo menos reservar un pequeno tanto por cento para cousas que teñen que ser moi xustificadas e que abranguen a varios concellos.

- Que o proxecto técnico desta obra está a disposición dos concelleiros.

- Que, en canto á opinión dos veciños sobre o proxecto técnico, esa opinión non contaría nada, si contará a opinión de Patrimonio máis que calquera outra.

- Que as posibles medidas de carácter social que poida elaborar o equipo de goberno realizáranse a través do vindeiro orzamento municipal, e quere lembrar que nestes anos dobrouse o orzamento dedicado a emerxencia social, por poñer un exemplo. Nos temos as nosas ideas, a súa realización dependerá un pouco das dispoñibilidades orzamentarias, pero estamos abertos a calquera idea ou proxecto que se teña neste sentido.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria os oito puntos que contén o modelo de acordo, que figura como Anexo I na Circular sobre o Plan de Acción Social 2015, que remitiu a este Concello a Deputación Provincial;

Adoptándose -por doce votos a favor (7 de AxA, 4 do PP e 1 do PSdeG-PSOE), co voto en contra do concelleiro de CxG-CCTT- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Participar no **Plan provincial de acción social (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica; aprobando agora o proxecto técnico das obras, que foi elaborado polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data novembro de 2015; prevíndose no mesmo que se considera necesario e suficiente un prazo de seis meses para a correcta terminación da obra.

**A) Realización de obras e subministracións:**

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
1.- Humanización da rúa Cima do Lugar (CN-547-Albergue de peregrinos)	493.769,65	0	493.769,65
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	<b>493.769,65</b>	<b>0</b>	<b>493.769,65</b>

**B) Resumo:**

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS CARÁCTER SOCIAL</b>	493.769,65	0	493.769,65
<b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>	0	0	0
<b>TOTAL</b>	493.769,65	0	493.769,65

**Segundo.**- Aprobar o Plan Complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican, e aprobar os correspondentes proxectos técnicos, que foron elaborados polo enxeñeiro de camiños D. Julio Rojo Martínez, con data novembro de 2015; prevíndose en ditos proxectos técnicos que se considera necesario e suficiente un prazo de execución de seis meses para a correcta terminación das obras.

<b>Investimentos financeiramente sostibles de carácter social</b>	<b>Orzamento</b>
1. Camiño estrada de Lema a Magulán e outro	38.758,70 euros
2. Camiño da Mota a Igrexa	55.184,51 euros
<b>TOTAL</b>	<b>93.943,21 euros</b>

**Terceiro.**- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Cuarto**.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan, se a houbera.

**Quinto**.- Solicitar da Deputación Provincial de A Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**Sexto**.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas, para o financiamento dos investimentos incluídos no PAS 2015 nin no Plan Complementario.

**Sétimo**.- Autorizar á Deputación Provincial a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Oitavo**.- Facultar expresamente ao alcalde para que adopte as resolucións que procedan, en relación coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto; levantándose a sesión ás 21.10 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á vindeira sesión. Do que dou fe.